

ELENA COLMEIRO

9 ó 26 de Maio 1985

CASA DA CULTURA - PZA. DA CONSTITUCIÓN

CERÁMICAS



Sector de Cultura / Concello de Vigo

Elena Colmeiro nace en Silleda (Pontevedra), estudia cerámica en Buenos Aires, na Escola Nacional de Cerámica, fundada polo profesor español Fernando Arranz.

En 1952 obtén o primeiro premio no "Salón de Estudiantes de Artes Plásticas" de Buenos Aires. Desde entón realizou diversas exposicións e participou en colectivas:

- | | |
|---|--|
| 1954 - Buenos Aires, Galería Müller | 1976 - Exposición Internacional de Cerámica en Sopot, Polonia |
| 1955 - De regreso a Europa, expón en Vigo, co arquitecto Agustín Pérez Bellas, na saa Fraga | 1977 - Barcelona, Galería Atica
Londres, Mural para o Edificio de Información e Turismo de España |
| 1960 - Madrid, saa "San Jorge" | 1979 - "12 Ceramistas", Museo de Cerámica de Valencia, Palacio de Cristal de Madrid e Museo de Cerámica de Barcelona |
| 1962 - Ateneo de Madrid | 1980 - Internacional de Cerámica "Pequeño Formato", Kioto
Como membro da Academia Internacional da Cerámica de Ginebra, asiste ó Congreso no Xapón. |
| 1964 - Beca da Fundación Juan March
Exposición en Toulouse e Bordeaux, "artistas españoles" | 1981 - Santiago de Compostela, Galería Citania
A Coruña, Galería Castro
Budapest, Academia Internacional de Cerámica |
| 1966 - Bienal de Uruguay de Artes Plásticas, primeiro premio de cerámica.
"Cerámica Española de la Prehistoria a nuestros Días"
Casón del Buen Retiro. Madrid | 1983 - Caixa de Aforros, Vigo |
| 1967 - Medalla de Ouro, Exposición Internacional de Faenza, Italia | 1984 - Participa no Congreso Internacional de Cerámica |
| 1968 - Bruselas, Galería Internacional | 1985 - Casa da Cultura, Concello de Vigo
"Cerámicas 1980-1985" |
| 1969 - Holanda, La Haya, Galería "Nouvelles Images" | |
| 1970 - Exposición Internacional de Cerámica de Faenza, Italia | |
| 1971 - Dirección General de Bellas Artes, Madrid | |
| 1973 - Caixa de Aforros, Vigo | |
| 1974 - Bilbao, Galería Valera | |





A CERAMICA COMO ESPELLO DA HISTORIA

A cerámica acompañou ó home desde os seus primeiros pasos. Uns anacos de vasixas rudimentarias é o primeiro que atopa o paleontólogo cos restos dos primeiros homes. Podemos dicir, pois, que a cerámica é a súa primeira "obra". A relación entre o humano e o decisivas que foron as mans no seu propio desenrolo, confírenlle á cerámica uns valores de tipo histórico, sociolóxico e cultural que achan no símbolo a súa máis gráfica expresión.

Compañeira do home e creación súa, a cerámica ven ser un espello: realista ou deformante, humilde ou utópico. A historia da cerámica darános toda a historia. Ofrece unha imaxe fiel do que o home é e desexa ser, e, nos seus momentos cumes, cando atingue a cerámica o nivel de gran arte, convírtese, polo seu afán de absoluto, dunha perfección posible, en modelo paradigmático do que o ser humano aspira a ser no mais profundo.

A cerámica naceu cun carácter utilitario, pero recibiu case desde o principio unha decoración sen outra utilidade que a de responder a unha necesidade estética en relación estreita co relixioso e co máxico. Co tempo, a cerámica irá reflexando a vida social en tódalas súas transformacións que podemos ler en realistas imaxes que nos dan tanto a ideoloxía das clases dominantes como os traballos, os xogos, e ate os soños das clases dominadas. Todo cabe na superficie da terra núa, sinxelo baño ou suntuosa cuberta dunhas vasixas que abarcaron os usos e leceres máis diversos.





sector de cultura